

## ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

### Membros Xunta Directiva

Presidente: *Fernando Suárez*

Vicepresidente: *María Cortés*

Tesoureiro: *Jose Manuel Orgeira*

Secretaria: *Amaya García*

Vocal: *Xulia Hernández*

Vocal: *Francisco Torrado*

Vocal: *María José Roca*

Vocal: *María Rufino*

Vocal: *Ramón Manuel Bouzas*

Vocal: *Lupe Lema.*

### **Extracto da sesión celebrada pola asamblea ordinaria da Anpa Brigantium do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 11 de xuño de 2013**

Comeza a asamblea en segunda convocatoria ás 20:10h con 41 pais/nais presentes e os seguintes membros da xunta directiva: Fernando Suárez, María Cortés, José Manuel Orgeira, Amaya García, Xulia Hernández, Francisco Torrado, María José Roca, María Rufino, Ramón Manuel Bouzas e Lupe Lema. Segundo a orde do día os temas a tratar foron:

- 1. Aprobación da acta anterior, se procede.** Sométese a aprobación a acta da asamblea celebrada o 28 de setembro de 2013, da cal o borrador pendente de aprobación foi publicado no blogue da ANPA con anterioridade e no taboleiro de anuncios que esta posúe na porta principal do colexio e así se lles comunicou tanto aos socios desta ANPA, como ao resto dos pais/nais do colexio. Aprobouse a acta por unanimidade e sen comentario algún por parte dos asistentes presentes no momento da votación.
- 2. Balance do estado de contas:** Infórmase dos motivos que levaron á decisión do cambio de entidade bancaria. O Banco Pastor pretendía empezar a cobrar unhas comisións que se consideraron abusivas, tratándose dunha entidades sen ánimo de lucro, como é a ANPA. Polo tanto optouse polo Banco Etcheverría que emprestará os seus servizos de forma gratuita.

Infórmase do estado de contas, tendo unha existencia a data 31/05/2013 de 20904,53€, importe que inclúe a axuda de comedor que pertencen ó pasado curso. Deixase constancia da existencia de suficiente remanente para atender aos gastos derivados das actividades extraescolares en canto comece o curso 2013-2014.

**3. Xestión do comedor e mañanceiros a cargo do Concello de Betanzos:**

Infórmase que dende a asociación de nais e pais entendemos que non somos quen de xestionar un comedor e que ademáis ese servizo dependa da existencia dunha ANPA. É a admón. pública que ten os medios e os técnicos. O ideal é a xestión por parte da Xunta de Galicia pero non o fan en colexios con xornada continuada. A iniciativa de CxB este tema levouse a pleno municipal a petición da xestión por parte do Concello e foi aprobada por unanimidade.

Comunícase que o día 6 de xuño saíu publicado o concurso no BOP. As empresas teñen 15 días naturais para presentar as ofertas e o Concello, 5 días naturais para adxudicar. O personal do comedor será subrogado pola empresa adxudicataria, según a lei. O día 26 de xuño saberase algo.

Haberá unha preinscrición non obligatoria e en agosto haberá que facer a inscrición definitiva nas dependencias municipais.

A ANPA terá reunións co Concello para supervisar o funcionamento do comedor.

A tendencia é a baixada de prezos polo tema da crise, según se informou nunha reunión ao respecto que celebrou a FEDAPA.

**4. Axendas Escolares:** Infórmase da continuidade no reparto das axendas escolares aos alumnos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, utilizada como canle de comunicación entre mestres e pais.

**5. Información sobre o curso 2012-2013: Resumo de actividades, Detectives Brigantium:** Fálase dunha nova actividade posta en práctica durante este curso por iniciativa da ANPA. Dirixida ao conxunto da comunidade educativa. Consiste nun proxecto de participación das nais e pais na educación a nivel de aula a desenvolver ao longo do curso escolar. Un pai/nai debe ter unha iniciativa, comunicarllelo á ANPA que o asesorará nos pasos a seguir para organizar a saída. Despois deberá haber un consenso de nais e pais co titor/a. Preténdese transformar en positivo o colexio. Temos pais dispostos para o vindeiro curso e incluso asociacións culturais que se ofrecen.

Tamén se fala do resto de actividades organizadas pola ANPA ao longo do curso:  
-Charla do equipo directivo sobre a situación do colexio, o día 19 de outubro de 2012.

-Actuación de “Gran Pedrini e O Mago da Boina” en nadal de 2012 subvencionada ao 50% pola Deputación de A Coruña.

-Concurso de debuxo Fertiberia. Para o que a ANPA recolleu os debuxos que realizaron os alumnos para envialos. Posterior e independentemente, o equipo directivo seleccionou os mellores que foron recompensados cun agasallo.

-O venres 12 de abril tivemos a charla de Dolores Queiro, cunha ampla experiencia en cooperación internacional que nos falou da muller na sociedade e a súa importancia na educación.

-Charla a cargo de Jorge Mira: o día 25 de abril tivemos a visita deste profesor de física, co título “¿Multiplicámonos? ¿Como animais? E outras historias científicas.”

-II Xornada de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade. Organizadas entre o Fco. Vales Villamarín, a ANPA Brigantium, a ANPA O Carregal, o CFR de A Coruña e o Concello de Betanzos. Dirixidas a familias e docentes, abordan a atención á diversidade dende unha perspectiva práctica a través de conferencias, obradoiros, exposicións e debates. O total de inscritos foi de 170, dos cales 140 foron docentes e 30 nais/pais.

-XI Torneo Interaulas: Infórmase de que se inscribiron 264 nenos/as e solo asistiron 135. Unha nai di que ó ser a primeira vez que inscribía ao seu fillo, pensaba que o cole enviaría unha nota e ó non recibila pensou que non se celebraría. Explícaselle que se inscribe ao neno, solo se ten que presentar ese día.

-Exhibición das actividades extraescolares de fin de curso: Unha nai di que ás veces faise un pouco pesada, propón que se poña música ou que se fale explicando as actividades. O presidente resposta que o equipo de son é novo e non funciona co mp3, así que na seguinte exhibición haberá música.

-Recollida de libros de texto a cargo de Cruz Vermella: Vanse poñer unhas caixas a última semana de xuño na entrada co colexio para que sexan depositados os libros que sexan susceptibles de ser reutilizables.

**6. Situación do colexio novo de infantil:** Infórmase de que o noso colexio está saturado, e que nun principio asignáronse tan so 100.000€ para a construción do colexio novo, así que a ANPA viuse na obriga de tomar unha actitude activa. A campaña “Cole novo Xa” ten o obxectivo de espertar aos pais e nais, contarlles o que pasaba. A campaña culminou coa solta de globos na praza do campo. Reunímonos con tódolos partidos políticos, incluído o PP de Betanzos, e conseguimos que todos nos diran o seu apoio. Grazas á presión conseguimos que a Xunta de Galicia garanta 1.400.000€. Non hai dúbida de que o cole se vai facer.

A seguinte pregunta é ¿cando?. Esperamos que estea listo en setembro de 2014. Como moi cedo adxudicárase a obra en xullo, Feijóo asecurou que sería nese mes.

A ANPA solicitou unha folla de ruta porque coñecemos como funciona a admón. Pública nestes temas. Quérese facer un seguemento, que dean referencias de datas de actuación. A data que é inamovible é setembro 2014.

7. Actividades extraescolares: Infórmase das 53 horas semanais que se ofertarán o vindeiro curso. Tenis, badminton, ciclismo e iniciación á música serán as novas actividades. Cámbiase teatro por expresión corporal e banda por conxunto musical.

Marchan algúns monitores pero veñen outros. O cadro que se expón pode presentar modificacións según o número de nenos inscritos, que será de 10 como mínimo. Se baixara desa cantidade serían deficitarias. En setembro presentarase o calendario definitivo.

**8. Aprobación, se procede, das novas cuotas das actividades extraescolares:**

Propónse manter o prezo para socios en 60€ anuais por actividade e aumentar de 80 a 100€ o prezo para non socios da ANPA. Procédese a aprobar por maioría absoluta de tódolos presentes as novas cuotas das actividades extraescolares.

9. Infórmase dos contactos establecidos coa Anpa O Carregal e As Mariñas e tamén as de Coirós para facer unha especie de convenio que permita aos alumnos dos outros centros o acceso ás nosas actividades extraescolares sempre e cando sexan socios das outras ANPAS. Procédese á aprobación deste acordo por unanimidade dos presentes.

Aclárase a unha nai que pregunta que non habendo prazas suficientes prevalece o dereito a asistir aos alumnos do Vales.

Infórmase de que as actividades puntuais previstas son o Concurso Fertiberia, un Contacontos subvencionado pola Deputación (pendente de aprobación), as III Xornadas de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade e dubídase na continuación na organización de actividades formativas para nais e pais pola escasa afluencia dos mesmos.

- 10. Como facerse socio:** Lémbrense as datas dende o 1 de xuño ao 15 de novembro, cubrindo o formulario a disposición na secretaría e no blogue da ANPA. Cunha cuota familiar de 10 €. Con vantaxes económicas.

- 11. Reorganización da xunta directiva:** Infórmase de que o vindeiro curso causarán baixa o presidente, Fernando Suárez, a vicepresidenta, María Cortés, e a vocal María José Roca. Anímase aos asistentes á asemblea que se animen a apuntarse en setembro.

**12. Suxestións e preguntas:**

-No punto do comedor unha nai pregunta se algún responsable do concello dará unha charla. Respóndaselle que se pasará unha nota.

-Unha nai se queixa de que non lle ve vantaxes a que a xestión do comedor a leve o Concello. Respóndaselle que as vantaxes serán a redución do prezo, melloras na cuantía das subvencións e no reparto das mesmas, e que se a ANPA desaparece, o comedor tamén.

-¿Haberá límite de prazas no comedor?: As bases din que non, pero se se apuntara todo o alumnado, non collerían todos.

-¿O comedor estará en funcionamento dende o primeiro día de cole?: Si.

-Pregúntase por que non se organiza un banco de libros: Respóntase que no colexio a día de hoxe non hai espazo para gardalos.

-¿Hai en paralelo ó presuposto para o colexio novo, outro para amañar o vello?: Respóntase que en tódalas reunións cos políticos solicítase que se amañe íntegramente o cole. Conseguiuse que amañaran os baños.

-¿Por que non se mandan aos nenos ás unitarias ata os 8 anos?: O sistema educativo non se organiza dese xeito, de momento. Ademais eses nenos acabarán aquí máis adiante. Ás unitarias ofrecéuselles o comedor e poden asistir ás actividades extraescolares para que queden nesas escolas e non veñan ao Vales por carecer deses servizos.

-¿Sábese se no verano hai algunha actividade no cole?. Si, o cole facilita as instalacións ao Concello para que se fagan.

-Unha nai di que quere ofrecer descontos aos socios da ANPA no seu negocio e quere saber como facelo. Infórmasele de que o ten que facer a través de ACEBE como socia.

Sen máis suxestións, nin preguntas, péchase a sesión ás 21:34h